

XIAO VARELA VISITA A REFINERÍA DE REPSOL NA CORUÑA

O Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito Á Vivenda, Xiao Varela, xunto a distintos membros da súa concellería e o Coordinador de Seguridade Cidadá, Carlos García Touriñán, visitaron a Refinería de Repsol na Coruña.

Tras unha reunión inicial na que se presentaron os aspectos máis destacados da Refinería, que actualmente conta con máis de 650 empregados en persoal, 400 indirectos e 3.000 inducidos, levou a cabo un percorrido por parte das 150 hectáreas do Complexo.

Durante a visita puideron coñecer os medios e equipos especiais contraincendios que se despregaron no parque de Seguridade, que constitúen unha das dotacións máis importantes de Europa nun centro destas características; así como ter un encontro con algúns dos traballadores na sala de control de Nostián, auténtico “cerebro” da instalación, desde onde se controlan todos os parámetros de operación das unidades.